

## ORDENANZA FISCAL NÚM. 20

### **TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL.**

#### **Artigo 1.**

Segundo o que se establece nos artigos **20.4 e 24 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, así como os **artigos 15 a 19 do mesmo texto legal** e no uso das facultades conferidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución** e polo **artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local**, este Concello establece a taxa por utilización das instalacións da piscina municipal que se rexerá pola presente ordenanza.

#### **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización das instalacións da piscina municipal.

#### **Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o **artigo 35.4 da Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro**, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades de que se trata.

#### **Artigo 4. EXENCIÓNS.**

Están exentos do pago da taxa reguladora nesta ordenanza:

- Os usuarios do centro de diminuídos psíquicos dependente da Fundación de Diminuídos Psíquicos "Vilalba Terra Chá"

#### **Artigo 5. BONIFICACIÓNS.**

- a) Os aboados terán dereito a unha bonificación do **50%** do importe dos cursos de natación, a excepción da natación escolar.
- b) Os aboados terán dereito, así mesmo, a unha bonificación polo importe da taxa de matrícula cando a alta como aboadado se formalice no primeiro mes da tempada ou cando se domicilie o pago do recibo mensual como aboadado.

#### **Artigo 6. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA TARIFA.**

a) **Base Imponible:** A base imponible será a cuantificación económica do feito imponible determinado segundo a tarifa que se expón a continuación.

b) **Tarifa da Taxa:**

b.1) **Abonos:**

<b>SOCIOS</b>	<b>PREZO</b>	
ABONO MAÑÁ	15 €/mes	DESCONTOS CURSOS 25%
ABONO INDIVIDUAL	25 €/mes	DESCONTOS CURSOS 50%
ABONO FAMILIAR	35 €/mes	DESCONTOS CURSOS 50%
BONOS 10 BAÑOS	19 €	
ABONO ANUAL MAÑÁ	137,50 €	DESCONTOS CURSOS 25%
ABONO ANUAL INDIVIDUAL	220 €	DESCONTOS CURSOS 50%
ENTRADA ADULTO2 €	3 €	
ENTRADA SAUNA	4 €	

EN  
TR  
AD  
A  
NE  
N  
O/  
+6  
5  
AN  
OS

*Nota:* A validez dos bonos de 10 baños será de 30 días.

b.2) **Cursos y clases de natación:**

<b>CURSOS -16 ANOS</b>	<b>PREZO</b>
1 DIA	10 €/mes
2 DIAS	20 €/mes

<b>CURSOS DE 16 A 65 ANOS</b>	<b>PREZO</b>
2 DIAS 25 €/mes	
3 DIAS	35 €/mes

<b>NATACION ESCOLAR</b>	<b>PREZO</b>
NATACION ESCOLAR -4 ANOS	12 €/mes
NATACION ESCOLAR DE 4 A 12 ANOS	9 €/mes

Cada neno ten que estar acompañado por un adulto durante o baño.

*Nota:* A natación escolar será 1 día á semana con posibilidade de aumento de días á semana aumentando o prezo de xeito proporcional.

<b>GRUPOS ORGANIZADOS</b>	<b>PREZO</b>
1 DIA	15 €/mes
2 DIAS	30 €/mes

<b>REHABILITACION</b>	<b>PREZO</b>
2 DIAS	28 €/mes
3 DIAS	36 €/mes
<b>CURSOS INTENSIVOS</b>	36 €/mes

<b>CURSOS +65 ANOS</b>	<b>PREZO</b>
2 DIAS	20 €/mes
3 DIAS	25 €/mes

*Nota: os cursos serán trimestrais e o pago dos mesmos pasarase cada mes.*

### **b.3) Exención de taxas:**

Poderán eximirse do pago das taxas aqueles casos nos que se dean circunstancias familiares, sociais ou socioeconómicas desfavorables, e sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local, logo do informe motivado.

### **Artigo 7.**

A taxa pública regulada nesta ordenanza referente aos cursos e clases de natación inclúe o servizo de monitor.

En todo caso, o tempo máximo de utilización do vaso da piscina, por sesión, será de 45 minutos.

### **Artigo 8.**

As necesidades derivadas da programación de actividades, cursos ou outras modalidades non contempladas na tarifa da presente ordenanza poderán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado de deportes despois do informe da comisión informativa de deportes do concello, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

### **Artigo 9. Devengo.**

A taxa devengarase e farase efectiva no momento de solicitar a utilización das instalacións da piscina non podendo utilizalas sen presentar os xustificantes de pago.

En todo o que non se prevé nesta ordenanza estase ao que se dispón na **Lei xeral tributaria 58/2003**.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo **Pleno do Concello** na súa sesión celebrada o día **2/10/2014**, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP de Lugo (**BOP núm. 281, do 9/12/2014**), e será de aplicación despois de transcorrido o prazo de **15 días** dende o seguinte á súa publicación no dito boletín (**27/12/2014**), ata a súa modificación ou derogación expresas.